

O CD SEN PREPOSICIÓN “A”

O CD non leva a preposición “a” (Atendemos a cidadanía./ Coñecín unha persoa./ Busco alguén./ A presidenta informou o persoal), agás nos seguintes casos que si que é obrigatoria:

- Cos *pronomes persoais tónicos*: Mirouna a ela e marchou. (Distinto de: Mirouna ela e marchou.)
- Co pronome de indeterminación *un*: Non o queren a un por ser vello. (Distinto de: Non queren un por ser vello.)
- Co pronome *todos/as* referido a persoas: Vimos a todas camiñando polo campo/Vimos todas as posibles solucións no exercicio.
- Co identificador *calquera* cando é autónomo e fai referencia ao trazo de humano: Para este posto non van aceptar a calquera. (Distinto de: Para este posto non van aceptar calquera secretaria.).
- Na construción *un a(o) outro*: Pasaron a mensaxe uns a outros. (Ou tamén: Pasaron a mensaxe uns aos outros.).
- Nas *comparacións* entre CD: Criou tan ben os fillos coma ás fillas.
- Cun *nome de parentesco con posesivo sen artigo*: Quero moito a meus pais/ Quero moito os meus pais.
- Cos *nomes propios de persoas*: Saudou a María na praia / Trouxo a Roi para a casa.
- Cando existe *ambigüidade* na identificación do suxeito e do CD: Ratifica o concelleiro ao alcalde.

Exemplos:

Incorrecta

- *O público apoiou ás xogadoras.
- *A acción humana e o cambio climático fixeron desaparecer aos mamuts.
- *Dirixiu a orquestras como a Royal Philharmonic.
- *Encamiñan ao seu alumnado cara á lectura.
- *Unha enorme responsabilidade á hora de sensibilizar á poboación.
- *Non hai maneira de atopar a alguén cun nivel aceptable de danés.
- *Un impresionante teatro que envolve aos espectadores.
- *Este congreso reuniu a representantes de todos os sectores.
- *Atender ás obrigas laborais.
- *Elixiron ao máis idóneo.
- *A presidenta informou aos conselleiros.
- *Tes que responder a unha pregunta.

Correcta

- O público apoiou as xogadoras.
- A acción humana e o cambio climático fixeron desaparecer os mamuts.
- Dirixiu orquestras como a Royal Philharmonic.
- Encamiñan o seu alumnado cara á lectura.
- Unha enorme responsabilidade á hora de sensibilizar a poboación.
- Non hai maneira de atopar alguén cun nivel aceptable de danés.
- Un impresionante teatro que envolve os espectadores.
- Este congreso reuniu representantes de todos os sectores.
- Atender as obrigas laborais.
- Elixiron o máis idóneo.
- A presidenta informou os conselleiros.
- Tes que responder unha pregunta.

Introduce unha preposición A sempre que sexa precisa:

- Levei meus avós ver a exposición.
- Despedimos os viaxeiros ao pé da estación.
- Chamei Tomé pola noite.
- Levaron os rapaces de excursión.
- Vin alguén á porta pero non sei quen era.
- Buscarei os teus amigos para llelo comunicar.
- Completoa a análise e informo as persoas interesadas.
- Colleu o sombreiro de palla e levou os fillos á praia.
- Vin as súas irmás pero ela non a vin.
- Estiven toda a tarde atendendo os doentes.
- Escoitamos os nenos cando entraron pero el non.
- Está no cárcere porque asasinou un ladrón, di que en defensa propia.
- Vós non vos levarei de excursión.
- Empadroou súa nai.

Corrixe os erros:

- Lelo matou ao garda.
- Non pillou a ningún.
- O novo regulamento obriga ao persoal a coller as chamadas.
- Defendeu ao fillo a morte.
- Non quixo coñecer aos seus verdadeiros pais.
- Fotografou seu pai.
- Botarei de menos á miña familia.
- Non recoñecín María na foto.